



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



NADA E CORRE · NARÓN 2018
(Zona 1: A Coruña, Carballo, Ferrol e Lugo)
REGULAMENTO

ORGANIZAN:

Agrupación Deportiva Náutico de Narón.
Federación Galega de Triatlón e Pénatlón Moderno.

COLABORAN:

Concello de Narón.
SPEIS Narón.
Policía Local de Carballo.
PREVINEM
Secretaría Xeral Para o Deporte

DATA, HORA E LUGAR:

Domingo 21 de Xaneiro de 2018
Complexo Polideportivo da Gándara – Estrada da Gándara 148 - NARÓN
(Piscina Municipal -25 mts, con 7 pistas)
Quecemento probas natación: 09:30hs.
Inicio probas natación: 10:00hs.
Inicio probas carreira a pé: 12:00hs.

SECRETARÍA COMPETICIÓN:

Piscina Municipal-Complexo Polideportivo da Gándara

CATEGORIAS, PROBAS E HORARIOS:

CATEGORIAS	ANOS	NATACION	HORARIOS*	CARREIRA A PÉ	HORARIOS*
Prebenxamín	2010-2011	25	10:00 h	250	12:00 h
Benxamín	2008-2009	50	10:05 h	500	12:15 h
Alevín	2006-2007	100	10:20 h	500	12:30 h
Infantil	2005-2004	200	10:40 h	1000	12:45 h
Cadete	2003-02-01	400	11:20 h	2000	13:00 h

*Horarios Aproximados

INSCRICIÓN:

Data límite o martes, **16 de Xaneiro de 2018**.

FEDERADOS: Formalizárase a través da páxina Web: www.fegatri.org, dentro do apartado [Competicións/ Regulamentos-inscricións](#), accedendo á proba de referencia.

DEPORTISTAS NON FEDERADOS (LICENZA 1 DÍA):

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno www.fegatri.org, no apartado Competicións: Regulamentos/Inscricións. Pinchar sobre a carreira e ir ó enlace de INSCRICIÓN. O pago faise a través de TPV. **Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor** (fegatri@hotmail.com). Custo licenza 1 día menores: 6 euros.

Cada club deberá designar un Técnico/Delegado, responsable do Club fronte calquera incidencia da competición. Os seus datos, cun número de teléfono de contacto, serán comunicados ao email fegatri@hotmail.com. Para poder validar a inscrición na proba.

COMUNICACIÓN DE BAIXAS:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 20:00 horas do mércores anterior á proba (17 de Xaneiro de 2018). As baixas non comunicadas en prazo serán penalizadas economicamente (2 euros).

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

A listaxe definitiva de inscritos colgarase na páxina web da FEGATRI o xoves anterior á proba (18 de Xaneiro de 2018) e os listados das series de natación na web do club organizador. www.nauticonaron.com

CRONOMETRAXE:

A cronometraxe será manual.

SAÍDA E META DA CARREIRA A PÉ:

Circuíto Urbán, arredores do Complexo Polideportivo, Rúa Irmans Pita .
(Se adxunta planos)

RECOLLIDA DE SERIES E DORSÁIS:

Na secretaría de competición de 09:15 a 9:45 hs o mesmo día da proba.

PREMIOS:

Para os tres primeiros clasificados das diferentes categorías, masculino e feminino.

NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexerese segundo o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/12/Regulamento-Nada-e-Corre-2018.pdf>

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/12/REGULAMENTO-DE-COMPETICI%C3%93NS-DA-FEGATRI-TEMPADA-2018-WEB.pdf>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; no obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria. Os servizos médicos da organización destinados ó longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido do ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sináis luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre os triatletas, os que deberán ceder o paso. Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencen a organización non poderán transitar polos circuítos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS:

Segundo o regulamento oficial de competición.

CIVISMO E RESPECTO:

Os participantes, adestradores e delegados aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense honestamente a non anticiparse a o momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes. Comprométense tamén a tratalo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade

viaria, co fin de evitar situacións perigosas que acarreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

NOTA:

A organización resérvase o dereito de modificar, previa comunicación, calquer aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento.

Percorridos da carreira a Pé

